

CONTOS PARA NENOS QUE DORMEN DESEGUIDA

Texto e ilustracións de PINTO & CHINTO

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 64 páx. 14 €.

SELECCIÓN THE WHITE RAVENS 2011
(Biblioteca Internacional da Xuventude de Munich)

PREMIO XOSÉ NEIRA VILAS AO MELLOR LIBRO INFANTIL 2010
(Asociación Galega de Editores)

MELLOR LIBRO INFANTIL E MELLOR PORTADA 2010
(web Fervenzas Literarias)

Contos para nenos que dormen deseguida (galego)
ISBN 978-84-8464-700-3. Sete Leguas.

Cuentos para niños que se duermen enseguida (castelán)
ISBN 978-84-96388-94-9. Siete Leguas.

Contos para meninos que adormecen logo a seguir (portugués)
ISBN 978-989-8205-46-9. Sete Léguas.

Racconti per bambini che si addormentano subito (italiano)
ISBN 978-88-95933-44-3. Sette Leghe.

Aquel día choveu tanto, caeu tal cantidade de auga que as cores de todas as cousas, de todas as plantas, de todos os animais e de todas as persoas se diluíron e desvaneceron. Todo se vía destinguido...

Os contos para antes de durmir han de ser curtos; non como aquel conto tan longo que, cando se acababa de contar, xa era hora de que o neno fose ao colexio. Ou aquel tan longo no que os nenos quedaban durmidos pola metade e logo tiñan que soñar o final. Aínda que o conto máis longo que coñecemos é tan longo que cando se remata de contar, o neno xa é adulto.


Estes 28 relatos destacan pola súa brevidade e agudeza narrativa, os xiros literarios e o gran sentido do humor. Son historias baseadas no *nonsense* que apostan pola orixinalidade e a chiscadela intelixente. Partindo da sinxeleza, sorprenden os lectores con cambios inesperados no curso dos acontecementos e finais que debuxan sorrisos, deixando un pouso de lectura gratificante, sacudindo a creatividade e invitando á reflexión.

Como debuxante e paisaxista, David Pintor convértese en captor de momentos e situacións hilarantes, no intérprete visual do talento literario de Carlos López. O resultado son estampas de liñas sinuosas e cheas de colorido, polas que perder a ollada e soñar con saltar ao plano do papel para percorrer os seus recunchos e ser partícipe das aventuras que transcorren nelas.

As ilustracións foron seleccionadas para a Mostra de Ilustradores da Feira Internacional do Libro Infantil-Xuvenil de Boloña 2011 e para a Bienal de Ilustración de Bratislava 2011.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** 28 relatos curtos de ficción.
- **Idade recomendada:** a partir de 7 anos.
- **Aspectos destacables:** escrita creativa, xogos de palabras, humor, concepto de *nonsense*; ilustracións coloristas; dos autores de “Nicomedes o pelado”; do ilustrador de “Almanaque musical” (2º Premio de Ilustración do Festival do Libro Infantil de Sharjah 2012, Emiratos Árabes) e “Compostela” (finalista do premio da Fundación de Cultura CJ de Corea”.

Pinto & Chinto

David Pintor (A Coruña, 1975) & Carlos López (Boimorto, A Coruña, 1967)

David Pintor e Carlos López comezaron a colaborar como humoristas gráficos en 1993 e dende entón traballaron en varios xornais. Actualmente publican unha viñeta de humor diaria en La Voz de Galicia. Hoxe son a principal referencia da caricatura política en Galicia. Entre os seus premios de humor gráfico destacan o Curuxa do Humor (Museo do Humor de Fene), o Haxtur (Salón Internacional do Cómic de Oviedo) e o Hermés (Concello de Barakaldo). En 2001 inician a súa exitosa incursión na literatura infantil. Tras máis de 20 libros convertéronse nuns dos autores máis galardoados e prolíficos de Galicia: Premio Merlín, Premio Raíña Lupa, Premio Martín Sarmiento, Premio Pura e Dora Vázquez, selección na Feira Internacional de Boloña en 2007, 2010, 2011 e 2013, na Bienal Internacional de Bratislava, e premio especial do xurado no Festival do Libro Infantil de Corea *Nami Island*.

<http://davidpintor.blogspot.com>

